

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: CONTRATACION CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E UN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING). NOVA CONVOCATORIA MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO PARA ADXUDICACION DO CONTRATO A ENTIDADE FINANCIEIRA.

Sendo as 13:30 horas do día 3 de maio de 2013, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola presidenta por don Luis Manuel Álvarez Martínez, Ilmo. Sr. Tenente de Alcalde delegado da área de urbanismo actuando en substitución da Ilma Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprego, autónomos e educación, actuando como vocais, dona Paz Abraira polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Juan Carlos Plaza polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, don Luis Casais titular da asesoría xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de contratación.

Abre a sesión a Sr. Presidente e procedéndose a continuación por parte do Secretario a informar aos membros da mesa da non presentación por parte da mercantil IBERCAR GESTOSO, S.L (mercantil seleccionada para a subministración do VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL- lote 2) da documentación requerida no prazo establecido co fin de poder adxudicar a contratación

A vista do cal e dado que para a subministración deste lote 2 dita mercantil era a unha oferta válida, e que a operación de arrendamento financeiro coa entidade BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A. (seleccionada para a referida operación financeira) era para para o vehículo ofertado pola mercantil IBERCAR GESTOSO, S.L.; acordan propoñer a declaración de deserto da contratación correspondente a SUBMINISTRACIÓN DUN VEHICULO RADIO PATRULLA PARA A POLICIA LOCAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING). LOTE 2

O PRESIDENTE

Asdo.: Luis M. Álvarez Martínez



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz



